



DEPUTACIÓN
DE LUGO

PROTOCOLO XERAL DE INTENCIÓNS ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA LUGO E O CONCELLO DE LUGO PARA REHABILITACIÓN DA RÚA ADOLFO SUÁREZ.

(aprobado por resolución presidencial de data 4 de xuño de 2025)

En Lugo, asinado o 5 de xuño de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte **Don José Tomé Roca**, en calidade de presidente da Deputación Provincial de Lugo

E da outra, **Don Miguel Fernández Méndez**, en calidade de alcalde do Concello de Lugo.

Actúa, **Don José Antonio Mourelle Cillero**, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Lugo.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para formalizar o presente protocolo e a tal efecto,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que: *“as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”*.

SEGUNDO. No artigo 47. 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP en adiante) dispónse que “Non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan la formalización de compromisos xurídicos concretos e exixibles”

TERCEIRO: Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da LBRL sinala: *“(…) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”*.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente protocolo, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS



DEPUTACIÓN
DE LUGO

PRIMEIRA: O presente protocolo ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e Concello de Lugo para a rehabilitación da rúa Adolfo Suárez.

SEGUNDA: INTENCIÓNS DAS PARTES

A Deputación de Lugo

- a) Achegar para a execución da actuación obxecto do protocolo o importe que figure no proxecto técnico.
- b) Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- c) Executar a actuación obxecto do protocolo de acordo co proxecto técnico elaborado polos servizos técnicos da Deputación de Lugo.
- d) Executar a actuación obxecto do protocolo, por fases, nas datas que figuren no proxecto técnico.

O Concello de Lugo

- a) Aportar tódolos terreos necesarios para a correcta execución do obxecto do protocolo.
- b) Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do protocolo.
- c) Difundir a cooperación prestada polo ente provincial.
- d) Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente protocolo.

TERCEIRA. VIXENCIA

O presente protocolo terá a vixencia dun ano a contar dende a data da súa formalización, e en todo caso ata a sinatura do convenio si se producise antes do ano.

O presente protocolo non implica compromisos xurídicos concretos e exixibles, para o que será necesario formalizar o correspondente convenio de cooperación.

CUARTA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste protocolo poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito protocolo este vixente. -

A modificación do protocolo levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos

representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratos exclusivamente coa finalidade de formalizar o presente Protocolo, sobre a base do previsto no artigo 6.1 (b) RGPD; e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1 (e) RGPD.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste Protocolo establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación que poidan xurdir respecto do presente Protocolo. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial, que terá voto de calidade de fose necesario.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente protocolo xeral do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE LUGO

Asinado: Miguel Fernández Méndez

O SECRETARIO XERAL

Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

